



1.- Xornada de formación para elaborar proxectos de estatística: aplicación á Incubadora

A Sociedade Galega para a Promoción da Estatística e a Investigación de Operacións (SGAPEIO) e a Asociación Galega de Profesorado de Educación Matemática (AGAPEMA), en colaboración con educaBarrié, organizan unha **Xornada de formación para elaborar proxectos de estatística: aplicación á Incubadora**. Esta xornada, que da continuidade á xornada sobre o ensino da Estatística celebrada en novembro de 2013, está dirixida a profesores de ESO e Bacharelato e vaise impartir en dúas edicións, unha na Coruña e outra en Vigo.

Esta actividade, que conta coa homologación da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, inclúe exposición de experiencias, obradoiros, unha conferencia e una ponencia práctica sobre a elaboración de traballos para presentar á Incubadora.

- Lugar: A Coruña e Vigo nas sedes da Fundación Barrié.

- Datás:

- A Coruña: 15 de novembro de 2014.

- Vigo: 29 de novembro de 2014.

- Horario: 9:30 - 14:00 e 15:30 - 19:30.

O programa detallado e o formulario de inscrición están na páxina web da SGAPEIO (www.sgapeio.es). O prazo de inscrición remata o 31 de outubro de 2014.

2.- IV Fase Nacional “Incubadora de Sondeos y Experimentos”

Os días 2 e 3 de xullo de 2014 terá lugar en Granada a IV Fase Nacional dos concursos tipo **Incubadora de Sondeos y Experimentos**, coa participación de oito fases locais. Os traballos que representarán a Galicia nesta Fase Nacional son:

Categoría de ESO:

- **Título:** La proporción áurea de la cara en diferentes edades de los seres humanos.

- **Centro:** Colegio Obradoiro, A Coruña.

- **Titor:** David Romero Pedreira.

- **Alumnos:** Lucía Mercedes del Valle-Inclán Redondo e Marina Rodríguez López.

Categoría de Bacharelato e Ciclos Formativos:

- **Título:** Introducción á análise sensorial. Estudo hedónico do pan no IES Mugar dos.

- **Centro:** IES de Mugar dos.

- **Titora:** Covadonga Rodríguez-Moldes Rey.

- **Alumnos:** Verónica González Regueiro, Carlos Rodeiro Matriz, Carmen María Sanmartín Fero, Sergio Vila Plana.

Un saúdo,
SGAPEIO
Facultade de Matemáticas
Campus Vida, s/n
15782 Santiago de Compostela
A Coruña (ESPAÑA)
E-mail: secretaria@sgapeio.es
Web: <http://www.sgapeio.es>